



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN09	Hixiene bucodental	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0734	Epidemioloxía en saúde oral	2024/2025	0	87	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ALBERTO-IGNACIO MORALES CAMACHO,ALEJANDRO MOURE MUIÑOS
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Planifica programas de seguimento e estudos epidemiolóxicos para grupos de poboación específicos, definindo obxectivos e actuacións
RA2 - Determina os niveis de saúde bucodental dunha comunidade, analizando os seus indicadores
RA3 - Obtén datos epidemiolóxicos de grupos mediante enquisas e describe as técnicas de realización destas
RA4 - Identifica os niveis de saúde bucodental dunha comunidade, interpretando resultados obtidos en estudos epidemiolóxicos
RA5 - Informa sobre datos epidemiolóxicos en programas de intervención sanitaria e describe as características dos grupos de risco

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Definíronse as aplicacións da epidemioloxía
CA1.2 Caracterizáronse os tipos de estudos epidemiolóxicos
CA1.3 Identificáronse os indicadores demográficos máis relevantes
CA1.6 Definíronse as fases para desenvolver un estudo epidemiolóxico nunha determinada comunidade
CA1.7 Formuláronse obxectivos de estudos epidemiolóxicos para unha determinada comunidade
CA1.9 Enumeráronse as necesidades de recursos humanos e materiais para a actuación que se vaia desenvolver
CA1.10 Interpretáronse os datos obtidos con base en diversos indicadores



Criterios de avaliación do currículo
0 CA1.10.2 Atendeuse a validez e fiabilidade dos diferentes indicadores
CA1.11 Determináronse as accións de información á poboación obxecto de estudo e a outros axentes
CA1.12 Identificáronse os diferentes modelos de causalidade epidemiolóxica
CA2.1 Utilizouse a terminoloxía relacionada coa saúde e a doenza dunha comunidade
CA2.2 Tipificáronse os indicadores de saúde segundo as súas aplicacións
CA2.3 Clasificáronse indicadores de saúde bucodental en tecidos brandos e dentición permanente e temporal
CA2.6 Rexistráronse os resultados obtidos en distintos sistemas
CA3.1 Identificáronse as características e as aplicacións dos métodos para obter información
CA3.4 Aplicáronse técnicas de realización de entrevistas e cuestionarios para obter datos
CA4.1 Identificáronse métodos de avaliación de datos de estudos epidemiolóxicos
CA4.2 Aplicáronse procedementos de tabulación de datos
CA4.3 Realizouse o cálculo e a análise estatística de datos
CA4.4 Relacionáronse os hábitos hixiénicos e dietéticos dun grupo de poboación co nivel de saúde oral
CA4.5 Avaliáronse indicadores e/ou índices de saúde oral para describir o estado e a evolución de saúde bucodental dunha comunidade
CA4.7 Formuláronse hipóteses sobre posibles causas e as consecuencias das alteracións achadas
CA4.8 Comparáronse os resultados obtidos cos doutras investigacións
CA4.9 Respectáronse as normas de traballo e os protocolos establecidos
CA5.1 Clasificáronse grupos de poboación polas súas características e os hábitos máis significativos



Criterios de avaliación do currículo
CA5.2 Identificáronse poboacións de risco en patoloxía bucodental
CA5.3 Caracterizáronse factores que aumentan o risco de doenza bucodental
CA5.4 Caracterizáronse factores que preveñen e protexen da doenza bucodental
CA5.5 Describiuse a epidemioloxía de doenzas bucodentais
CA5.6 Determináronse os criterios epidemiolóxicos estandarizados, precisando os índices de aplicación, para a avaliación da placa bacteriana, a carie e a doenza periodontal
CA5.7 Determináronse os criterios epidemiolóxicos estandarizados, precisando os índices de aplicación, para a avaliación de maloclusións e necesidades de tratamento específico
CA5.9 Relacionáronse causas e consecuencias das doenzas bucodentais

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Planifica programas de seguimento e estudos epidemiolóxicos para grupos de poboación específicos, definindo obxectivos e actuacións
RA2 - Determina os niveis de saúde bucodental dunha comunidade, analizando os seus indicadores
RA3 - Obtén datos epidemiolóxicos de grupos mediante enquisas e describe as técnicas de realización destas
RA4 - Identifica os niveis de saúde bucodental dunha comunidade, interpretando resultados obtidos en estudos epidemiolóxicos
RA5 - Informa sobre datos epidemiolóxicos en programas de intervención sanitaria e describe as características dos grupos de risco



2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.4 Descríbóronse características demográficas de grupos específicos
CA1.5 Relaciónáronse os datos demográficos cos indicadores de saúde bucodental
CA1.8 Seleccionouse a poboación de estudo e as variables que cumpra estudar
CA1.10 Interpretáronse os datos obtidos con base en diversos indicadores
0 CA1.10.1 Interpretáronse os datos obtidos atendendo a diversos indicadores
CA2.4 Realizáronse as operacións e os cálculos necesarios para a obtención dos indicadores de saúde bucodental
CA2.5 Avaliouse o nivel de saúde e doenza dunha comunidade mediante os indicadores obtidos
CA2.7 Resolvéronse as posibles incidencias respectando as normas e os protocolos establecidos
CA2.8 Tratouse a información obtida con discreción e respecto
CA2.9 Valorouse a orde e a precisión no desenvolvemento do traballo
CA3.2 Elaboráronse cuestionarios e modelos de entrevistas
CA3.3 Adaptáronse instrumentos xa deseñados para obter datos
CA3.5 Extraéronse datos de entrevistas e cuestionarios
CA3.6 Consultáronse fontes secundarias para obter información
CA3.7 Rexistrouse en distintos soportes a información obtida
CA3.8 Verificouse a calidade dos datos obtidos



Criterios de avaliación do currículo
CA3.9 Realizáronse procedementos de adestramento e calibración de examinadores/as
CA3.10 Resolvéronse as posibles incidencias, respectando as normas e os protocolos establecidos
CA3.11 Extraéronse conclusións a partir dos datos obtidos
CA3.12 Determináronse posibles actuacións de acordo cos resultados das enquisas e/ou das entrevistas
CA3.13 Tratouse a información obtida con discreción e respecto
CA4.3 Realizouse o cálculo e a análise estatística de datos
CA4.3.1 Realizouse o cálculo e a análise estatística de datos empregando técnicas descriptivas
CA4.3.2 Aplicouse o cálculo e a análise estatística de datos empregando técnicas de inferencia
CA4.6 Elaboráronse informes cos resultados de estudos epidemiolóxicos
CA5.8 Preparouse información para comunicar datos a varios axentes
CA5.10 Respectáronse as normas de traballo e os procedementos establecidos
CA5.11 Manifestouse disposición para se adaptar ás características do grupo receptor

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Serán considerados mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva:

CA1.10.1 Interpretáronse os datos obtidos atendendo a diversos indicadores

CA2.4 Realizáronse as operacións e os cálculos necesarios para a obtención dos indicadores de saúde bucodental

CA2.5 Avaliouse o nivel de saúde e doenza dunha comunidade mediante os indicadores obtidos

CA2.9 Valorouse a orde e a precisión no desenvolvemento do traballo



CA3.3 Adaptáronse instrumentos xa deseñados para obter datos

CA3.8 Verificouse a calidade dos datos obtidos

CA3.9 Realizáronse procedementos de adestramento e calibración de examinadores/as

CA4.3 Realizouse o cálculo e a análise estatística de datos

CA4.6 Elaboráronse informes cos resultados de estudos epidemiolóxicos

CA4.8 Comparáronse os resultados obtidos cos doutras investigacións

CA4.9 Respectáronse as normas de traballo e os protocolos establecidos

CA5.1 Clasificáronse grupos de poboación polas súas características e os hábitos máis significativos

CA5.2 Identificáronse poboacións de risco en patoloxía bucodental

CA5.3 Caracterizáronse factores que aumentan o risco de doenza bucodental

CA5.9 Relacionáronse causas e consecuencias das doenzas bucodentais

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

a) Parte teórica:

Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que constará de preguntas tipo test, preguntas curtas, cuestións de desenvolvemento, preguntas de verdadeiro/falso, elaboración de esquemas e/ou identificación de imaxes que versarán sobre os criterios do módulo establecidos na programación didáctica. No caso de preguntas tipo test as respostas incorrectas restarán (Aciertos - (Errores/3) e as non contestadas nin suman nin restan.

O profesor do módulo profesional cualificará esta primeira parte de cero a dez puntos. Para a súa superación, as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

b) Parte práctica:

Será realizada polas persoas aspirantes que superaran a parte teórica. Consistirá nunha proba escrita que constará de preguntas tipo test, preguntas curtas, preguntas de verdadeiro/falso, supostos prácticos e/ou resolución de problemas que versarán sobre os criterios do módulo establecidos na programación. No caso de preguntas tipo test as respostas incorrectas restarán (Aciertos - (Errores/3) e as non contestadas nin suman nin restan.

O profesor do módulo profesional calificará esta segunda parte de cero a dez puntos. Para a súa superación, as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán calificadas cun cero nesta segunda parte.

Finalizada esta segunda parte da proba, a comisión de avaliación exporá as puntuacións obtidas na Aula Virtual do CIFP Manuel Antonio.

Para superar o módulo será preciso acadar unha puntuación global igual ou superior a 5 puntos. Esta puntuación será a media aritmética da puntuación obtida en cada unha das dúas probas, sempre e cando se alcance unha puntuación mínima de 5 puntos en cada unha delas, tal e como se expuso con anterioridade.



Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional ás persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o profesor do módulo profesional calificará esa parte da proba do módulo cun cero.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Segundo o artigo 13.3 a) da Orde do 5 de abril de 2013 pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de ciclos formativos de Formación Profesional dos establecidos ao abeiro da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, a primeira parte da proba terá carácter eliminatorio.

A proba teórica estará relacionada cos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte da proba. Consistirá nunha serie de preguntas de tipo obxectivo: preguntas test (con catro opcións das cales só unha é correcta), pregunta curta, definición, emparellamento, completar ou verdadeiro/falso (nas preguntas de verdadeiro ou falso, se penalizará o erro anulando unha resposta ben contestada).

Nas preguntas test deberase marcar na plantilla a resposta correcta, no caso de erro o marcar unha opción poñerase unha cruz e marcarase a correcta. Só se terán tidas en conta as respostas marcadas na plantilla.

A cualificación da proba será o resultado da aplicación da seguinte fórmula: $(\text{número de acertos} - \text{número de erros} / 3) / \text{Total de preguntas}$. As preguntas non contestadas non sumarán nin restarán puntos.

As preguntas curtas e definicións indicarán o valor de cualificación no encabezado. No caso dunha pregunta anulada, pasará a valorarse a primeira pregunta de reserva e si son máis, valoraranse as correspondentes reservas seguindo a orde das preguntas.

A proba ten un valor de 10 puntos. Para superar a primeira proba as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

Desenvolvemento da proba:

- Disporase como máximo de 180 minutos para a realización da proba teórica.
- Non se permitirá entrada unha vez comezada a proba.
- Non está permitido o acceso á proba con dispositivos móbiles (Teléfonos, tablets, smartwatches,...)
- Os bolsos, carpetas, etc, deixaranse na entrada da aula.
- A persoa candidata acreditará a súa identidade co DNI ou pasaporte.
- Só se poderá utilizar bolígrafo azul ou negro.



- Todo o material utilizado para a realización da proba (folla de exame e borradores), será entregado ao rematar.

4.b) Segunda parte da proba

As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio.

O profesor do módulo calificará esta segunda parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

As persoas que non superen a primeira parte da proba serán calificadas cun cero nesta segunda parte.

O procedemento de avaliación será o seguinte:

Consistirá na resolución de supostos prácticos e/ou resolución de problemas de epidemioloxía en saúde oral podendo ser preciso o uso de follas de cálculo como ferramenta.

Os supostos prácticos ou problemas estarán relacionados cos criterios de avaliación do módulo sinalados para a segunda parte da proba. Estes supostos poderán contar con preguntas tipo test, de verdadeiro falso, de relacionar, de resposta curta ou de desenvolver. Cada suposto práctico ou problema puntuarase segundo a puntuación sinalada na proba, e a puntuación total será a suma aritmética dos diferentes apartados.

Para superar a proba práctica é necesario acadar como mínimo a metade da puntuación sinalada en cada apartado da proba. A nota final desta proba será a suma aritmética da puntuación acadada nos supostos prácticos e/ou os problemas de epidemioloxía en saúde oral de cada apartado.

Desenvolvemento da proba:

- Disporase como máximo de 180 minutos para a realización da proba práctica.
- Non se permitirá a entrada unha vez comezada a proba.
- Non está permitido o acceso á proba con dispositivos móbiles (Teléfonos, tablets, smartwatches,...)
- A persoa candidata acreditará a súa identidade co DNI ou pasaporte.
- Só se poderá utilizar bolígrafo e calculadora científica non programable.
- O resto do material necesario para realizar a proba será aportado polo centro educativo.